ASEMBLEA XERAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

LUNS, 11 DE DECEMBRO 2023
16.30 hrs. (en 1ª Convocatoria) e **17 hrs.** (en 2ª Convocatoria**)**
Hotel AC Palacio del Carmen (Oblatas, s/n, 15703 Santiago de Compostela)

ORDE DO DÍA

1º.- Ratificación dos novos asociados: COVEN FILMS, SEREA FILMS, UNDODEZ e NOVEOLAS.

2º.- Elección de nova Xunta Directiva. Presentación de candidaturas e votación.

3º.- AGADIC. Propostas e estratexia.

4º.-Televisión de Galicia.

5º.- ICAA.

6º.- Balance presidente.

7º.- Lectura e aprobación de contas 2022.

8º.- Previsión de ingresos e gastos 2023, 2024.

9º.- Rogos e preguntas.

VºBº Felipe Lage Coro
Presidente de AGAPI

Asdo./Luisa Romeo
Secretaria de AGAPI

Luns, 11 de decembro de 2023

Reunidos presencialmente no Hotel AC Palacio del Carmen (Santiago de Compostela) ás 17h (en segunda convocatoria) e coa asistencia de: Felipe Lage (Zeitun Films), Beli Martínez e Roi Carballido (Filmika Galaika), Chelo Loureiro (Abano Producións), Luisa Romeo (Frida Films), Gaspar Broullón (OlloVivo), Jaione Camborda (Esnatu Cinema), Adrián Castiñeiras, Alba Gallego e Fernando Tato (Kraken Media), X.L.Ledo (Nós Produtora Cinematográfica Galega), Chema Gagino (Recrea), Pilar Abades (Illa Bufarda), Silvia Fuentes (Sétima), Suso López (GaitaFilmes), Alfonso Zarauza (Maruxiña), Jacobo Peña (Cinemar Films), Diego R. Aballe (Coven Films), Raúl García (Meteórica), Simone Saibene (Noveolas), Jose Luis González (Producciones Vigo), Álvaro Liste, Uxío Novoneyra e Iván L. Gimeno (Serea Filmes), Álvaro P. Becerra (Undodez), Ruth Chao (Somadrome) e Gael Herrera (Tamboura)

Delegan voto:

En Felipe Lage (Zeitun Films): Xacio Baño (Rebordelos)
En Gaspar Broullón: Alfonso Blanco (Portocabo)
En Silvia Fuentes: Andrea Vázquez (Miramemira) e Nati Juncal (Cósmica)

Dá comezo o acto de Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria de AGAPI, coa seguinte orde:

1º.- Ratificación dos novos asociados: COVEN FILMS, SEREA FILMS, UNDODEZ e NOVEOLAS.

Ratifícase a entrada dos novos asociados: COVEN FILMS, SEREA FILMS, UNDODEZ e NOVEOLAS. Toman a palabra para presentarse: Diego R. Aballe (Coven Films), Álvaro Liste (Serea Films), Álvaro P. Becerra (Undodez) e Simone Saibene (Noveolas).

2º.- Elección de nova Xunta Directiva. Presentación de candidaturas e votación.

A xerente comenta que é o momento de proceder a votar a nova Xunta Directiva para os vindeiros dous anos (2023-25). Indica que só se ten recibido unha candidatura encabezada por Felipe Lage como presidente. Traslada a palabra a Felipe.

O presidente presenta a proposta da nova Xunta Directiva que segue unha continuidade co equipo anterior.
A xerente reparte as papeletas de votación e fai reconto do resultado.

A nova Xunta Directiva queda aprobada por unanimidade con un total de 24 votos a favor.

3º.- AGADIC. Propostas e estratexia.

O presidente expón a boa nova da recuperación do Fondillo no ano 2022, logo de case unha década de traballo por parte das Asociacións. Explica o destino de parte destes cartos extraordinarios nos anos 2022 e 2023. Ábrese un debate en relación a esta cuestión. Os presentes concordan en que se debería de gastar a totalidade dos fondos finalistas en accións novas e en ningún caso deberán funcionar para sufragar gasto ordinario da Agadic.

En relación ao Fondillo 2023, o presidente comenta que dos 800.000 € recibidos, 500.000 € foron investidos en produción e parte dos outros 300.000 € estanse gastando en accións concretas de apoio en promoción negociadas con cada empresa. Explica que desde Agapi lévase solicitado en repetidas ocasións a convocatoria dunha liña de distribución de concorrencia competitiva pero desde Agadic alegan que non teñen capacidade de xerar máis liñas e que pola súa experiencia as empresas funcionan mellor así porque poden adaptar as necesidades de cada estrea. Ábrese un debate en relación ao funcionamento de Agadic e á falta de previsión de calendario e orzamentos. Os presentes concordan na dificultade e trabas que supón o recente requirimento de auditorías parciais. Beli opina que en Agadic o persoal é moi escaso para atender a todas as cuestións. Felipe expón que desde Agapi lévase pedido en multitude de ocasións que se reforce o persoal.

O presidente opina que desde ICAA tamén se está traballando moi lento e que os convenios do Fondillo están chegando tarde, de feito non se sabe aínda canto corresponde ao ano 2024. O presidente explica que desde o ICAA tamén achegaron neste ano 2023 un fondo para desenvolvemento, guión e labs a todas as CCAA. A Galicia corresponden 770.000 € que chegaron en novembro desde o ICAA e que teñen que ser cartos correspondentes a convocatorias previas ao 31.12.23. Desde 770.000 €., 500.000 € foron destinados a axudas a desenvolvemento (300.000 € da liña ordinaria con unha ampliación recentemente anunciada de 200.000 €) e cos 270.000 € está prevista a publicación dunha nova liña de subvencións para guión que contemplará apoios de 10.000 € a profesionais e 7.000 € a amateurs. A maiores desde Agadic comprométense a convocar as Axudas a Labs para 2024 con unha dotación de 200.000 € de fondos propios.

A. Zarauza comenta que sería interesante solicitar á Agadic a creación dunha Oficina Media Galicia, como xa teñen outras autonomías como Cataluña. Silvia indica as vantaxes competitivas coas que conta Cataluña. Chelo opina que non vai ser fácil porque non hai interese por parte de Europa. Ábrese un debate en relación á colaboración que mantén a Agadic coa oficna Media de Madrid. A. Zarauza opina que igual sería interesante tecer lazos con Portugal e que esa oficina sexa Galicia-Portugal.

Acórdase pensar nun perfil capacitado para solicitar á Agadic o impulso deste servizo específico para Galicia.

O presidente comenta que no 2024 está prevista a recuperación da liña de atracción de rodaxes que sairá publicada con unha dotación de 2.000.000 €. Explica que desde Agapi creouse un grupo de traballo para facer alegacións de posibles melloras nas bases. A xerente indica que xa está ultimado o documento e que será trasladado á Agadic co fin de que poidan recoller as necesidades e demandas fundamentalmente en dous aspectos: non retorceder nos criterios de acceso ás subvencións (recolidos no artigo 2) e solicitar a baixada de gasto en Galicia. Gaspar opina que habería que aclarar que se entende por 'gasto galego'.

A xerente comenta as previsións de convocatorias trasladadas polo director da Agadic na cita presencial do 11 de decembro. Explica que neste mes de decembro sairá convocada a nova liña de Subvencións á escrita de guión e xa en xaneiro convocaranse as Subvencións á produción, dotadas con 2.500.000€ que poderán ser ampliables se chegan cartos do Fondillo, como xa aconteceu este ano. Expón que tamén se espera a publicación de Subvencións á organización de Festivais audiovisuais e asistencia a foros e mercados a comezos de ano.

Sobre a Film Commission , a xerente sinala que desde Agadic trasladan que haberá unha xuntanza coas asociacións nas próximas semanas co fin de actualizar o seu estado de desenvolvemento. Álvaro P. Becerra comenta que desde a Academia solicitouse un informe xurídico para estudar as opcións de creación deste organismo en relación á Agadic.

Relacionado con Agadic, Raúl traslada unha pregunta sobre os fondos do sector cultural para os que pediron proxectos no pasado. Uxío explica que son fondos Next Generation para os que as CCAA estableceron un deseño de accións por se finalmente se podían executar pero que co novo Goberno recén constituído en Madrid non parece que vaia a suceder.

Acórdase manter informadas ás empresas asociadas de todas aquelas cousas que as poidan afectar: prazos, convocatorias etc

4º.-Televisión de Galicia.

Sobre a TVG, o presidente explica brevemente o desacordo na interpretación do investimento do 6%, loita continuada de Agapi que acabou con anos de procedementos xurídicos e recursos. Comenta que a CNMC recolle os datos das canles autonómicas pero non ten capacidade sancionadora. A xerente indica que en Galicia as competencias de velar polo cumprimento das obrigas da TVG están en mans da Secretaria Xeral de Medios que descolga de Presidencia.

O presidente detalla que ata o momento só van publicados un total de 710.000€. Indica que desde TVG comprometéronse a subir o investimento anual a 1.500.000 € pero que este ano tamén trasladaron que teñen un maior número de proxectos a valorar polo aumento tamén dos que chegan da liña de atracción de

rodaxes. Explica que desde Agapi está pendente a celebración dunha xuntanza nas próximas semanas coa canle para achegar maior detalle da segunda comisión pendente de resolución.

Sobre a convocatoria levada adiante pola canle para o fomento e apoio a novos proxectos dixitais, con unha segunda convocatoria publicada o 20 de xullo, o presidente comenta que xa se deu traslado á TVG do desacordo nos importes entendendo que é unha precarización do traballo con contratos de escaso orzamento que fan pouco viables as producións.

Acórdase dar seguimento a esta resolución.

Como punto positivo, o presidente expón que se conseguiu unha mellora no procedemento de presentación de proxectos, publicado en setembro de 2023 despois de trasladar desde AGAPI en repetidas ocasións a necesidade de facilitar o proceso e pedir a documentación só se o proxecto podía chegar a ter interese real para a canle.

O presidente comenta que parece que o lanzamento da OTT anunciado desde hai anos podería darse no inicio do vindeiro anos 2024. Neste punto Luisa expón que desde TVG están solicitando dereitos de contratos pasados sen chegar novos importes de compra.

Sobre este e outros asuntos pendentes, acórdase informar a todas as empresas asociadas logo da xuntanza con TVG.

5º.- ICAA.

Sobre as convocatorias de Axudas Selectivas e Xerais o presidente comenta os resultados. Explica que a previsión para 2024 é unha única convocatoria de Axudas Selectivas e dúas de Xerais. Ábrese un debate en relación e esta cuestión. Os presentes concordan nas dificultades de comunicación co ICAA e da falta de comprensión ante as condicións particulares dos proxectos.

Sobre o nomeamento da dirección do ICAA, o presidente expón que polo momento o ministro Urtasun revalidou no cargo provisional a Ignaci Camós. Explica que cando se produza o nomeamento definitivo achegaremos unha carta desde Agapi recollendo o malestar pola falta de presencia galega nas comisións e a escaseza nas axudas selectivas de proxectos experimentais e documentais.

6º.- Balance presidente.

O presidente comenta que no 2024, Agapi cumpre 30 anos, motivo de celebración que se tratará de festexar.

Explica que o ano 2023 foi un ano de intensa actividade con unha concentración nos primeiros meses do ano por mor da baixa de maternidade da xerente iniciada en maio, o que supuxo unha aceleración na execución das actividades das Deputacións e Concello deixando pechado o acordo con Agadic. Celebráronse un total de 38 xuntanzas de todo tipo: políticas, institucionais, asociativas etc. Expón que a Asociación está en crecemento con 4 socios novos neste ano 2023 e só dúas baixas (Agallas Films e Amanita Studio). Explica que a previsión é que nos vindeiros meses entren máis empresas. Sinala que para o vindeiro ano 2024 seguirase coa celebración de xuntanzas con grupos políticos e de novo con todas as institucións que sufriron cambios nas pasadas eleccións (Concello de Santiago e Deputacións).

7º.- Lectura e aprobación de contas 2022.

O presidente presenta o balance de PyG de 2022. Comenta que hai un resultado positivo de 22.626€ que se relaciona co forte aumento de nos servizos feitos desde Agapi: tres colaboracións co Concello de Santiago (Cinema no parque, cinema no nadal e publicación de estudo cualitativo 'O éxito da produción independente'), nova colaboración coa Deputación de Ourense para a celebración da I encontro da PAP- Plataforma de Asociacións de Produtoras- e nova colaboración coa Deputación de Pontevedra para a celebración dunha xornada formativa 'Produtora ou directora, elección ou necesidade', aumentouse un pouco a achega por parte da Deputación da Coruña (Subvención FO215 de 5.000 € en 2021 a 8.000 € en 2022) para a celebración dunhas xornadas de marketing e o roteiro de empoderamento feminino polos IES da provincia da Coruña, conseguiuse unha subvención binanual de laboratorios e incubadoras de proxectos do Ministerio de Cultura (de 34.000 €) e a maiores aumentouse o número de socios co leve incremento en ingresos de cotas (de 19.400 € en 2021 a 20.520 € en 2022).

Os presentes pasan a votar a aprobación de contas.

Apróbanse as contas cos votos favorables por unanimidade dos presentes.

8º.- Previsión de ingresos e gastos 2023, 2024.

Sobre as contas do ano 2023, o presidente indica que hai unha previsión de cobros parecida a anos anteriores. Expón as colaboracións feitas no ano 2023, coa Deputación de Pontevedra a celebración dunhas xornadas formativas 'Conciliación, o reto silenciado pendente' e o roteiro 'Elas'. Coa Deputación de Ourense a celebración do roteiro 'Elas'. Coa Agadic, a publicación do Anuario, a celebración das xornadas sobre sustentabilidade nas rodaxes e a posta en marcha do catálogo 'Educa Audiovisual'. Co Ministerio de Cultura, a celebración da II edición do Agapi Impulsa Copros dentro da liña de laboratorios e incubadoras de proxectos. Co Concello de Santiago a publicación anual dun informe. Co Culturgal o deseño da programación do espazo cine e a actividade de avances do cine que vén. E xa por último a celebración da II edición do

Premio de Honra Dolores Ben que recoñeceu a Tareixa Navaza. Comenta que se espera un resultado previsiblemente positivo para o presente 2023 con un incremento de ingresos por servizos.

Para o ano 2024, o presidente sinala que hai unha previsión de cobros parecida a anos anteriores en colaboracións (Deputacións, Agadic, Concello, Culturgal, Egeda) e subvencións. Explica que se tratará de achegar o roteiro de 'Elas' á provincia de Lugo e que se tratará de non perder o traballo iniciado co Agapi Impulsa Copros. En relación aos ingresos explica que está todo por negociar pero que se tratará de manter a actividade e colaboración con todas as insititucións coas que se leva traballado nos últimos anos.

A xerente mostra en pantalla as previsións de ingresos e gastos de 2023 e 2024, detallando a suba nun 5% na nómina e o previsible aumento en aluguer e suministros.

Os presentes pasan a votar a aprobación de previsións 2023 2024.

Apróbanse as contas cos votos favorables por unanimidade dos presentes.

9.º- Rogos e preguntas.

Na quenda de rogos e preguntas, Roi comenta que habería que solicitar unha mellora na sede electrónica dea Agadic para poder engadir máis megas por proxecto e non ten que facer varios envíos. Chelo tamén solicita que se unifique o orzamento para animación seguindo os criterios do ICAA para evitar a duplicidade e incremento de traballo.

Acórdase recoller ambas peticións e darlles traslado á Agadic.

Sen máis temas a tratar, remata a Asemblea ás 20h.

VºBº Felipe Lage Coro
Presidente de AGAPI

Asdo./Luisa Romeo
Secretaria de AGAPI